

Álbum.^{de} memoria compartida

é unha experiencia-obradoiro dirixida a persoas enfermas de Alzheimer e aos seus familiares que dende o ano 2007, e de maneira continuada, se leva desenvolvendo en tres dos museos da Rede Museística (Museo Pazo de Tor, Museo Provincial do Mar e Museo-Fortaleza San Paio de Narla).

Un dos principais retos que nos formulamos, dentro do ámbito da museoloxía social, é traballar o campo das emocións a través do contacto vivencial coas pezas que atesouran os nosos museos. Os museos son espazos de memoria que, a través dos obxectos e dos diálogos que se xeran coas persoas, se van espallando e conservando.

Queremos, nesta ocasión, estender a liña de actuación e desenvolver esta actividade no Museo Provincial de Lugo.

O Alzheimer é unha enfermidade que afecta ás conexións neuronais e que as persoas van perdendo progresivamente, deixando de ter acceso aos seus recordos. A través da memoria queremos provocar emocións que evoquen lembranzas e se erixan coma pontes entre o pasado e o futuro.

Con motivo do “Día Internacional do Alzheimer”, que se celebra o 21 de setembro, regalárase o *Álbum de memoria compartida* para traballar nun primeiro momento no museo e despois na casa. Na visita ao museo, seralles entregado a todas as persoas diagnosticadas con esta afección converténdose, dende ese momento, nunha ferramenta para a comunicación e narración de historias. A partir dunhas fichas coas que poidan traballar xuntos: enfermo-coidador

e enfermo-museo, recolleranse imaxes, obxectos, lugares, palabras –en esencia– recordos que completen as páxinas deste álbum.

Pero esta actividade tamén nace como unha oportunidade para que os posuidores deste álbum compartan a reminiscencia da súa historia de vida cos seus familiares, coidadores e seres queridos xa que serán estes quen, en último caso, a través das súas lembranzas axuden a completar esas follas en branco de recordos esquecidos.


Entre as mans, sostéñense follas de experiencias e historias que ben poden ser comparadas coas catros estacións: a primavera representa unha época na que, como as árbores, nacemos e nos preparamos para dar os nosos mellores froitos; o verán, época na que a luz ilumina anos de novas experiencias e sensacións; o outono, como as follas das árbores que descenden lentamente, representa unha época máis sosegada na que avanzamos cara a un inverno no que as nubes e os claros comparten protagonismo nas nosas vidas e nos nosos recordos.

En definitiva, *Álbum de memoria compartida* é un compromiso que dende hai anos a Xerencia da Rede Museística ten adoptado coas persoas maiores na súa aposta por defender “Un museo para todos, entre todos, onde o valor da memoria constitúe un tesouro tan valioso que merece defender e conservar.”

Encarnación Lago González

Xerente da Rede Museística





Dende a Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, a través da Rede Museística e os museos que a integran, levamos anos traballando e defendendo a idea duns museos abertos a toda a sociedade, converténdose en espazos para a participación e o diálogo a través da arte.

O vindeiro 21 de setembro, “Día Internacional do Alzheimer”, queremos sumarnos a esta efeméride presentando unha actividade que dende anos se leva desenvolvendo nos outros tres museos da rede (Pazo de Tor, San Paio de Narla e Museo provincial do Mar) e estender este ano ao Museo de Lugo unha experiencia obradoiro dirixida a persoas diagnosticadas de Alzheimer e a todas aquelas persoas que, por uns ou outros motivos, conviven con esta enfermidade.

O Alzheimer afecta a un gran número de persoas e, por extensión, a todas aquelas que as rodean. Actualmente tense sabido que o avance da enfermidade depende moito do contorno no que a persoa con Alzheimer desenvolva a súa vida cotiá. De aí, que un contorno o máis favorable posible xerará unha mellor calidade de vida. Desde a Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, comprometémonos con este traballo xa que consideramos que require do esforzo e implicación de todos os sectores sociais, culturais, educativos e sanitarios da sociedade.

Dende a Rede Museística concibimos os museos como espazos de memoria. Unha memoria que, ao igual que os recordos das persoas, debe ser compartida para que se transfira, se contaxie e, en último caso, non fiquen no esquecemento.

Por todo isto, convidamos a todas as persoas vinculadas a esta enfermidade a participar nesta experiencia que leva por título *Álbum de memoria compartida* e que, con esta primeira visita ao Museo, poidan iniciar un diálogo coas pezas expostas, que evoquen a reminiscencia das súas vidas para poder compartir ese caudal de memoria.

Antonio Veiga


Vicepresidente da Deputación de Lugo

Mario Outeiro Iglesias

Deputado delegado da Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo




primavera da vida



nome: _____

data: _____


verán da vida



nome: _____

data: _____


outono da vida



nome: _____


data: _____

inverno da vida



nome: _____

data: _____



Álbum.^{de} memoria

compartida

